

**DEPARTAMENTO**

**DE**

**ECONOMIA**

Materia: Economía da Empresa

Programación: 2º Bacharelato

Grupos : C

Curso : 2011/12

Profesor: José M. Justo Acevedo

## INDICE

•Introducción .....	3
•Obxectivos.....	4
•Contribución ó Plan TIC .....	5
•Contribución ó Proxecto Lector .....	5
•Contribución ó Plan de Convivencia .....	5
•Contidos .....	6
•Metodoloxía Didáctica .....	15
•Contidos Mínimos Esixibles .....	15
•Temporalización .....	21
•Instrumentos Avaliación .....	21
•Procedementos Avaliación .....	21
•Criterios Avaliación .....	22
•Criterios de Cualificación .....	23
•Materiais e Recursos Didácticos .....	24
•Actividades Complementarias e extraescolares .....	24
•Medidas de Atención a Diversidade .....	24
•Programa de Reforzo para alumnos que teñan pendende a Asignatura de 1º Curso .....	24
•Avaliación da propia programación e da práctica docente .....	25

## Introducción

Nunha economía de mercado ( como a de a sociedade na que vivimos), é necesario o estudo da Empresa po lo seu papel coordinador da produción e distribución de bens e servicios entre os diferentes axentes económicos. A empresa na súa actividade, administra uns recursos que son escasos, reparte rendas e crea riqueza e emprego, impulsando o progreso económico nun sistema de economía de mercado, no que é a principal protagonista de todo o proceso.

Polo tanto, o obxecto de estudo nesta asignatura ven constituído pola empresa como eixo fundamental da estrutura socio-económica contemporánea, incluíndo neste propósito o análise do seu interior como sistema organizado e con funcións e obxetivos establecidos, como o das súas relacións co entorno no que proxecta súa influencia e da que recibe continuas esixencias de adaptación.

O dinamismo do marco no que as empresas desenrolan a súa actividade, determina que a súa estratexia estea baseada esencialmente nun proceso continuado de axuste, que permita dar resposta os cambios que producense no seu entorno. Nesta idea de cambio continuo, conduce necesariamente a unha renovación e adecuación das estruturas organizativas e das técnicas de xestión, que favorezcan as condicións para afrontar con éxito os retos que teñen plantexados as empresas e as organizacións en xeral.

A toma de conciencia da sociedade sobre os problemas relacionados co uso racional dos recursos naturais escasos, o impacto da produción sobre o medio ambiente e as súas repercusións sobre a calidade de vida das persoas, e o seu gradual reflexo na legislación, configura unha nova dimensión das relacións das empresas co seu entorno.

Por outra banda, o alumnado, nun futuro máis ou menos próximo, pasará a formar parte dunha empresa, promovéndoa, ou do traballo asalariado, polo que coñecer o funcionamento do mundo empresarial en todos os seus ámbitos, vaille facilitar a súa incorporación a vida laboral e servirlle para ser capaz de recoñecer todas as facetas do sistema en que se vai inserir .

## OBXECTIVOS

Na materia de Economía da Empresa, os alumnos deberán desenvolver as capacidades enunciadas nos obxetivos xerais que se expresan a continuación:

- Analizar as características máis relevantes dos distintos tipos de empresas, identificando súas funcións, interrelacións e organización.
- Analizar o funcionamento global da empresa, así como as funcións específicas das súas áreas de actividade, tanto no que respecta as relacións internas como a seus condicionamentos e dependencias externas.
- Coñecer os elementos máis importantes do sector da actividade, e analizar a partir deles, as principais estratexias das empresas.
- Estudar as políticas de marketing de diferentes empresas en función dos mercados os que van dirixidos os seus produtos.
- Valorar a importancia que, para as empresas e a sociedade, ten a investigación, as innovacións tecnolóxicas e a implantación xeralizada das novas tecnoloxías.
- Identificar as consecuencias, para as empresas e a sociedade, da globalización da economía e as posibles liñas de conducta a adoptar fronte este fenómeno.
- Interpretar os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e avaliar e identificar posibles desequilibrios económicos e financeiros.
- Identificar as principais fontes de financiación da empresa, analizando as distintas opcións posibles.
- Analizar as consecuencias que, para o medioambiente, a sociedade e as persoas, teñen as actividades de distintos tipos de empresas e as condutas e decisións dos seus directivos.
- Comprender de forma clara e coherente e, no seu caso, valorar criticamente, informacións sobre feitos relevantes no eido empresarial.
- Avaliar e comprender a importancia dos problemas da organización e distribución do traballo, en relación cos obxetivos empresariais.
- Obter, seleccionar e interpretar a información de forma autónoma, adecuando o seu tratamento a resolución de problemas prácticos.
- Transmitir mensaxes e información de forma estruturada e intelixible.
- Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e máis outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente información sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.
- Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial, utilizando para a súa elaboración medios informáticos.
- Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemente económico e social.

## **CONTRIBUCIÓN O PLAN TIC**

Como dixen antes, as tecnoloxías da información e comunicación , utilizaráanse como ferramenta do proceso ensino-aprendizaxe. Os alumnos acudirán cunha periodicidade semanal ( na segunda e terceira avaliación fundamentalmente) a aula de informática, e nela, desenvolveráanse diversas actividades nas que o manexo das tecnoloxías da información será o eixo central. Utilizaráse Internet como ferramenta explicativa, búsqueda de información sobre distintos aspectos económicos, e mesmo como ferramenta de axuda na procura de información válida para a realización dos traballos correspondentes. Tamén a aula de vídeo será de moita utilidade na proxección de documentales, películas ... nas que o alumno poida observar a importancia da Economía no mundo actual.

## **CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR**

Nesta materia levaráanse o longo do curso, unha serie de actividades nas que a lectura xoga un papel fundamental: Non só libros específicos nos que se trate a temática propia da asignatura, senón que propiciaremos a lectura semanal dun xornal na que os alumnos buscarán noticias relacionadas con distintas cuestións económicas. Dita lectura faráse o longo de todo o curso ; ademáis procederemos a lectura de revistas relacionadas co mundo da empresa ( Emprendedores), cunha periodicidade mensual.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Nesta materia, desenrolaráanse o longo do curso diversos traballos e actividades relacionados coa Economía. O alumnado terá que elaborar traballos, expoñer na clase noticias económicas..., no que terán que traballar en equipo para a realización das distintas actividades. Polo tanto, traballaremos de forma especial o traballo en grupo entre o alumnado, potenciaremos as relacións de traballo entre eles, e faremoslle ver, como a unión, traballo en equipo, solidariedade, compañerismo....., son piares básicos na sociedade actual, e polo tanto, no mundo da empresa e da Economía, e moito máis para levar adiante ( e con éxito) un proxecto empresarial.

## CONTIDOS

### CONTIDOS COMÚNS

- Recoñecemento da grande importancia do papel desempeñado polas empresas e polos empresarios no mundo actual. Aplicación a realidade galega.
- Asimilación da situación de cambio permanente que obriga a un continuo proceso de adaptación, que exige o dinamismo do marco en que desenvolven a súa actuación as empresas e que presenta especial relevancia na formación profesional dos recursos humanos.
- Valoración da contradicción entre as repercusións positivas e negativas da actividade económico-empresarial, especialmente no medio, no mundo do traballo, no consumo e na calidade de vida.
- Busca, selección, interpretación e comunicación da información procedente de diversas fontes, empreñando un vocabulario técnico e diferentes tipos de soportes ( tradicional e a través das tecnoloxías da información e da comunicación)

### Unidade Didáctica 1.- A Empresa e o seu contorno económico-social

#### TEMA 1. A Empresa

- 1.1.- Concepto de Empresa
- 1.2.- Elementos da empresa
- 1.3.- Funcións e obxetivos da empresa
- 1.4.- Teorías sobre a Empresa. A empresa como sistema

#### TEMA 2. Clases de empresas

- 2.1.- Clasificación das empresas
- 2.2.- Forma xurídica das empresas
- 2.3.- Clases de sociedades, según súa titularidade xurídica.

## TEMA 3. O Empresario

- 3.1.- Concepto de Empresario
- 3.2.- A función de Dirección na Empresa.

## TEMA 4. O marco externo da empresa

- 3.1.- Marco Xeral da actuación da empresa: entorno xeral e específico
- 3.2.- A extratexia competitiva
- 3.3.- Criterios de localización dunha empresa
- 3.4.- A responsabilidade social da empresa

## TEMA 5. Normas que regulan a actividade da empresa

- 5.1.- A regulación xurídica
- 5.2.- Relacións Laborais na empresa:
  - 5.2.1.- Relación Individual de Traballo. Contrato de traballo
  - 5.2.2.- O salario
  - 5.2.3.- Tipos de contrato de traballo.
  - 5.2.4.- A xornada de traballo
  - 5.2.5.- Modificacións do contrato de traballo
  - 5.2.6.- Suspensión e extinción do contrato
  - 5.2.7.-A representación sindical dos traballadores. Convenios colectivos
- 5.3.- A Seguridade Social
- 5.4.- A Fiscalidade na empresa:
  - 5.4.1.- Os presupostos públicos
  - 5.4.2.- Imposto sobre o valor engadido
  - 5.4.3.- Imposto de Sociedades
  - 5.4.4.- Imposto sobre a renda das persoas físicas

## Unidade Didáctica 2.- O Subsistema Productivo

### TEMA 6 . A Producción

- 6.1.- Áreas funcionais da empresa
- 6.2.- A produción como proceso de creación de valor.
- 6.3.- A tecnoloxía
- 6.4.- A matriz tecnolóxica e a eficiencia
- 6.5.- A produtividade

6.6.- Os procesos de produción

## TEMA 7.- A produción e os costes

7.1.- Os costes de produción: tipos de costes e relación entre produción e costes.

7.2.- Estructura do coste de produción.

7.3.- Análisis Coste-Beneficio. O Punto Morto

7.4.- Programación, avaliación e control de proxectos: Método Pert e Diagrama de Gantt.

## TEMA 8.- A Xestión das Existencias

8.1.- Os inventarios:

8.1.1.- Coste de inventarios. Tamaño dos almacéns

8.1.2.- Modelos de funcionamento dos inventarios

8.1.3.- Volumen óptimo de pedido. Método Wilson

8.2.- Sistemas de Valoración das existencias: Precio Medio, Fifo y Lifo

8.3.- Método ABC

## TEMA 9.- A dimensión empresarial

9.1.- O tamaño das empresas. Criterios para establecer a dimensión empresarial : Pymes, ventaxas e inconvintes

9.2.- Dimensión e ocupación productiva

9.3.- Factores que inflúen na dimensión das empresas

9.4.- Crecemento empresarial:

9.4.1.- Fusión e absorción de empresas

9.4.2.- Holding

9.4.3.- As empresas multinacionais

9.5.- A globalización



## Unidade Didáctica 3 .- O subsistema Comercial

### TEMA 10.- A actividade comercial

- 10.1.- O mercado:
  - 10.1.1.- Clases de mercados
  - 10.1.2.- Mercados industriais e de consumo
  - 10.1.3.- Variables determinantes do mercado
- 10.2.- A orientación da empresa
- 10.3.- Mercadotecnia:
  - 10.3.1.- Principios da mercadotecnia
  - 10.3.2.- Actividades relacionadas coa mercadotecnia.
- 10.4.- A segmentación do mercado. Criterios
- 10.5.- A investigación de mercados:
  - 10.5.1.- Obxetivos da investigación comercial
  - 10.5.2.- Sistemas de obtención da información
  - 10.5.3.- Técnicas de recollida dos datos primarios
  - 10.5.4.- Fases da investigación comercial
- 10.6.- Marketing internacional

### TEMA 11.- O Marketing-mix

- 11.1.- Producto. Utilidades dun produto:
  - 11.1.1.- Líña e gama de produtos
  - 11.1.2.- A marca
  - 11.1.3.- O envase
  - 11.1.4.- Ciclo de vida dun produto
  - 11.1.5.- Factores que influen nas vendas
- 11.2.- A distribución:
  - 11.2.1.- Tipos de intermediarios comerciais
  - 11.2.2.- Funcions de distribución
  - 11.2.3.- Canais de distribución
  - 11.2.4.- Tipos de distribución
  - 11.2.5.- A franquicia. Just in time
- 11.3.- A promoción:
  - 11.3.1.- Funcions e técnicas da promoción
  - 11.3.2.- A publicidade . Campaña publicitaria
  - 11.3.3.- A promoción das vendas.
  - 11.3.4.- A venda persoal. Relacións Públicas
- 11.4.- O Precio. Variables das que depende o precio dos produtos.

## Unidade Didáctica 4.- Subsistema Financeiro

### TEMA 12.- As Contas Anuais

- 12.1.- O patrimonio empresarial: elementos e masas patrimoniais. Ordenación e valoración dos elementos patrimoniais.
- 12.2.- A ecuación fundamental do patrimonio: estabilidade ou inestabilidade patrimonial.
- 12.3.- A contabilidade : O P.X.C. e os Libros Contables
- 12.4.- As contas anuais da empresa
- 12.5.- O Balance Social

### TEMA 13.- Análisis económico financeiro da empresa

- 13.1.- Análisis económico-financeiro
- 13.1.- Análisis de Balances
- 13.2.- Análisis Financeira: Ratios de equilibrio financeiro a curto e longo prazo.
- 13.3.- Análisis Económica: Rendibilidade e análise da produtividade.
- 13.4.- Período medio de maduración:
  - 13.4.1.- Ciclo de explotación da empresa
  - 13.4.2.- Período medio de maduración económico
  - 13.4.3.- Período medio de maduración financeiro

### TEMA 14.- A financiación da empresa

- 14.1.- A necesidade de capital na empresa.
- 14.2.- Financiación a curto e longo prazo.
- 14.3.- As fontes de financiación:
  - 14.3.1.- Financiación interna ou autofinanciación. Ventaxas e inconvintes.
  - 14.3.2.- Financiación externa.
- 14.4.- O efecto apancamento.
- 14.5.- Mercado primario e secundario de valores : ampliacións de capital e empréstitos.

## TEMA 15.- As inversiones. Métodos de selección

15.1.- Concepto de inversión

15.2.- Métodos de selección de inversiones: estáticos y dinámicos.

## Unidade Didáctica 5 .- Subsistema Organizativo

### TEMA 16.- A organización da empresa

- 16.1.- A estrutura organizativa:
  - 16.1.1.- Obxetivos da organización da empresa
  - 16.1.2.- Diseño de estruturas de organización
  - 16.1.3.- Tipos de estruturas organizativas
- 16.2.2.- A organización formal. O Organigrama :
  - 16.2.1.- Departamentización
  - 16.2.2.- Organigrama
  - 16.2.3.- A comunicación interna na empresa.
- 16.3.- Os grupos na empresa. A organización informal
- 16.4.- O departamento de recursos humanos.

## Unidade Didáctica 6.- Proxecto Empresarial

- Proceso de creación dunha empresa : a concreción da idea, constitución, Trámites legais e viabilidade elemental.
- O Plan de negocio: análise do sector, análise DAFO, os plans de mercadotecnia, de produción, de recursos humanos, de organización e o plan económico financeiro

## PROCEDIMENTOS

- Clasificación de empresas, según seus rasgos diferenciais, identificando as características que a definen, e as diferentes aportacions sociais e económicas de cada un delas.
- Analizar, nalgún caso concreto, as influencias de factores externos na actividade da empresa.
- Analizar e valorar os factores positivos e negativos, tanto económicos como sociais, que inflúen no tamaño e no tipo de propiedade da empresa.
- Identificar, nalgún caso concreto, das distintas teorías sobre o papel do empresario.
- Identificar os diferentes elementos patrimoniais e a función que teñen , agrupandoos correctamente en masas patrimoniais.
- Lectura e interpretación das contas anuais, utilizando o concepto de Balance e as ideas contables básicas.
- Clasificación dos distintos tipos de intermediarios comerciais e representación das redes de distribución comercial.
- Recoñecemento das disversas técnicas de promoción dun produto, con especial atención a publicidade.
- Interpretación da correspondencia entre as inversións e o seu orzamento, buscando posibeis desaxustes mediante ratios sinxelos.
- Identificación das principais fontes de financiación da empresa, analizando e evaluando as distintas posibilidades que teñen as empresas de recurrir o mercado financeiro, a partires dun exemplo concreto.
- Interpretación, a partires de exemplos reais coñecidos polos alumnos, das ventaxas e inconvenientes da división do traballo, relacionándoa coa necesidade de coordinación e o que supón isto en relación coa tecnoloxía da empresa.
- Clasificación de modelos organizativos básicos, a partires de exemplos concretos.
- Observación e indagación nas institucións do entorno para describir súa estrutura organizativa, estilo de dirección, canles de información e comunicación, etc..., detectando posibles disfuncións.
- Planificación, utilizando diversas fontes de información, e a posterior execución dunha visita a unha empresa, elaborando seu organigrama e un informe razoado das observacións efectuadas.
- Recopilación de artigos que traten diversos aspectos da Empresa e empresarios destacados.
- Preparación e realización de visitas a empresas cercanas.
- Cumprimentar cuestionarios sobre motivación e avaliar os resultados.
- Realización de exercicios prácticos de carácter numérico sobre diferentes aspectos productivos ( umbral de rendibilidade, período de maduración ...)

## ACTITUDES E VALORES

- Valoración da función social que desenrolan as Empresas.
- Toma de conciencia da contribución que fan as pequenas e medianas empresas o progreso económico e a creación de emprego.
- Valoración da actuación da Empresa, analizando, non só os aspectos de competitividade e incremento da produtividade, senón tamén da súa responsabilidade social e ética.
- Analizar o posible conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través dunha conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito dende un marco de valores máis amplo e que engade o impacto ambiental, as condición de traballo saudables, as correccións de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.....
- Espíritu crítico ante determinadas formas de organización empresariais
- Actitude crítica ante situacións de discriminación no traballo, nos diferentes niveis organizativos.
- Orden e claridade na elaboración de organigramas
- Valorar a importancia dos análises de viabilidade e da selección de determinadas inversións para a supervivencia da empresa.
- Demostrar actitudes tales como : rigor nos análises, curiosidade científica, respecto e colaboración cos compañeiros, espírito de iniciativa.....

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Na explicación dos temas que compoñen o contido da asignatura, levaráse a cabo o través dunha estratexia expositiva, presentando os alumnos os contidos dos mesmos. No curso 2010/20011, utilizaremos o libro de texto “Economía da Empresa” da Editorial Baía Edicións. As explicacións acompañaríanse de actividades e traballos complementarios e de aplicación, sempre apoiados con esquemas, corpos conceptuais, etc..., para facilitar a comprensión.

Tamén, intentarás aplicas denominadas estratexias de indagación, que enfrontan o alumno cos problemas e cuestións nos que debe aplicar de maneira reflexiva, os conceptos, procedimentos e actitudes, coa finalidade de favorecer a súa comprensión. Aplicaríanse a temas relacionados co marco externo da empresa, coa organización da mesma, etc... Por isto, efectuaríanse:

- Visitas a empresas: con estas visitas obsérvase e contrástase a realidade concreta da empresa .
- Uso da prensa común e especializada. Analizaremos artigos breves e de fácil lectura que estén relacionados cos temas tratados, para poder establecer unha conexión coa realidade. Isto axudará a coñecer o léxico específico do mundo empresarial.
- Vídeos e medios de comunicación : aínda que os vídeos que tratan de maneira específica a realidade empresarial son escasos, podremos ver algunha película comercial na que se aborde a organización de empresas, toma de decisións, publicidade etc.....
- Utilización de Internet como ferramenta para conseguir datos estadísticos sobre empresas, información xenérica, etc...

## CONTIDOS MÍNIMOS EXIXIBLES

Unidade Didáctica 1.- A Empresa e o seu contorno económico-social

### TEMA 1. A Empresa

- 1.1.- Concepto de Empresa
- 1.2.- Elementos da empresa
- 1.3.- Funcións e obxetivos da empresa

### TEMA 2. Clases de empresas

- 2.1.- Clasificación das empresas
- 2.2.- Forma xurídica das empresas
- 2.3.- Clases de sociedades, según súa titularidade xurídica.

### TEMA 3. O Empresario

- 3.1.- Concepto de Empresario
- 3.2.- A función de Dirección na Empresa.

### TEMA 4. O marco externo da empresa

- 4.1.- Marco Xeral da actuación da empresa: entorno xeral e específico
- 4.2.- A extratexia competitiva
- 4.3.- Criterios de localización dunha empresa

### TEMA 5. Normas que regulan a actividade da empresa

- 5.1.- A regulación xurídica
- 5.2.- Relacións Laborais na empresa:
  - 5.2.1.- Contrato de traballo
  - 5.2.2.- O salario
  - 5.2.3.- Tipos de contrato de traballo.
  - 5.2.4.- Modificacións do contrato de traballo
  - 5.2.5.- Suspensión e extinción do contrato
- 5.3.- A Seguridade Social
- 5.4.- A Fiscalidade na empresa:
  - 5.4.1.- Imposto sobre o valor engadido
  - 5.4.2.- Imposto de Sociedades
  - 5.4.3.- Imposto sobre a renda das persoas físicas

### Unidade Didáctica 2.- O Subsistema Productivo

### TEMA 6 . A Producción

- 6.1.- A produción como proceso de creación de valor.
- 6.2.- A tecnoloxía
- 6.3.- A matriz tecnolóxica e a eficiencia
- 6.4.- A produtividade

### TEMA 7.- A produción e os costes



7.1.- Os costes de produción: tipos de costes e relación entre produción e costes.

7.2.- Estructura do coste de produción.

7.3.- Análisis Coste-Beneficio. O Punto Morto

## TEMA 8.- A Xestión das Existencias

8.1.- Os inventarios:

8.1.1.- Coste de inventarios. Tamaño dos almacéns

8.1.2.- Volumen óptimo de pedido. Método Wilson

8.2.- Sistemas de Valoración das existencias: Precio Medio, Fifo y Lifo

## TEMA 9.- A dimensión empresarial

9.1.- O tamaño das empresas. Criterios para establecer a dimensión empresarial : Pymes, ventaxas e inconvintes

9.2.- Factores que inflúen na dimensión das empresas

9.3.- Crecemento empresarial:

9.3.1.- Fusión e absorción de empresas

9.3.2.- Holding

## Unidade Didáctica 3 .- O subsistema Comercial

### TEMA 10.- A actividade comercial

#### 10.1.- O mercado:

10.1.1.- Clases de mercados

10.1.2.- Variables determinantes do mercado

#### 10.2.- Mercadotecnia:

10.2.1.- Principios da mercadotecnia

10.2.2.- Actividades relacionadas coa mercadotecnia.

#### 10.3.- A segmentación do mercado. Criterios

#### 10.4.- A investigación de mercados:

10.4.1.- Obxetivos da investigación comercial

10.4.2.- Sistemas de obtención da información

10.4.3.- Fases da investigación comercial

### TEMA 11.- O Marketing-mix

#### 11.1.- Producto. Utilidades dun produto:

11.1.1.- Líña e gama de produtos

11.1.2.- A marca

11.1.3.- O envase

11.1.4.- Ciclo de vida dun produto

#### 11.2.- A distribución:

11.2.1.- Tipos de intermediarios comerciais

11.2.2.- Funcions de distribución

11.2.3.- Canais de distribución

11.2.4.- A franquicia. Just in time

#### 11.3.- A promoción:

11.3.1.- Funcions e técnicas da promoción

11.3.2.- A publicidade . Campaña publicitaria

11.3.3.- A promoción das vendas.

11.3.4.- A venda persoal. Relacións Públicas

#### 11.4.- O Precio. Variables das que depende o precio dos produtos.

## Unidade Didáctica 4.- Subsistema Financeiro

### TEMA 12.- As Contas Anuais

- 12.1.- O patrimonio empresarial: elementos e masas patrimoniais. Ordenación e valoración dos elementos patrimoniais.
- 12.2.- A ecuación fundamental do patrimonio: estabilidade ou inestabilidade patrimonial.
- 12.3.- A contabilidade : O P.X.C. e os Libros Contables
- 12.4.- As contas anuais da empresa

### TEMA 13.- Análisis económico financeiro da empresa

- 13.1.- Análisis económico-financeiro
- 13.2.- Análisis de Balances
- 13.3.- Análisis Financeira: Ratios de equilibrio financeiro a curto e longo prazo.
- 13.4.- Análisis Económica: Rendibilidade e análise da produtividade.
- 13.5.- Período medio de maduración:
  - 13.4.2.- Período medio de maduración económico
  - 13.4.3.- Período medio de maduración financeiro

### TEMA 14.- A financiación da empresa

- 14.1.- A necesidade de capital na empresa.
- 14.2.- Financiación a curto e longo prazo.
- 14.3.- As fontes de financiación:
  - 14.3.1.- Financiación interna ou autofinanciación. Ventaxas e inconvintes.
  - 14.3.2.- Financiación externa.
- 14.4.- O efecto apancamento.

### TEMA 15.- As inversiones. Métodos de selección

- 15.1.- Concepto de inversión
- 15.2.- Métodos de selección de inversiones: estáticos y dinámicos.

## Unidade Didáctica 5 .- Subsistema Organizativo

### TEMA 16.- A organización da empresa

16.1.- A estrutura organizativa:

16.1.1.- Obxetivos da organización da empresa

16.1.2.- Tipos de estruturas organizativas

16.2.- A organización formal. O Organigrama :

16.2.1.- Departamentización

16.2.2.- Organigrama

16.3.- Os grupos na empresa. A organización informal

## TEMPORALIZACIÓN

O longo do curso, efectuaráanse tres avaliacións. O reparto dos temas , será o seguinte:

- Na 1ª avaliación, abordarase o estudo da unidade didáctica 1, que comprende os cinco primeiros temas. Estes temas serán obxecto do primeiro examen, que levarase a cabo a mediados do mes de Novembro. Nesta 1ª avaliación, tamén veremos os temas 5 e 6 da unidade didáctica 2, aínda que non serán obxecto de examen nesta avaliación. os temas 5 y 6 de la unidad didáctica 2, aunque no serán objeto de examen en está avaliación.
- Na 2ª avaliación, a materia que será obxecto de examen, dividiráse en dúas partes: unha primeira parte, constará dos catro temas da unidade didáctica 2, e a segunda parte de dous temas da unidade didáctica 3 e os un tema da unidade didáctica cinco. Efectuarase un primeiro examen a finais do mes de Xaneiro e outro a principios do mes de Marzo.
- Na terceira avaliación, se estudiarán os temas correspondentes a Unidade Didáctica cuarta e a sexta.

Como característica xeral, o longo do curso, o sistema de avaliación será continuo: en cada examen preguntaranse cuestións propias de cada avaliación e das avaliacións anteriores.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Básicamente, a hora de avaliar o alumnado, utilizaráanse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Participación na aula: a participación activa do alumno no aula, valorarase positivamente, e a pasividade ou falta de actitude, negativamente
- Exercicios teóricos ( exames)
- Exercicios Prácticos, corrixidos no aula
- Relacións cos compañeiros, potenciando como positivo o traballo en equipo, a solidariedade entre eles, e negativamente o contrario

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación xirarán en torno a observación diaria do alumno, o seu traballo, a súa participación, actitude, cumprimento dos traballos e dos prazos previstos, respecto hacia todos os membros da comunidade educativa..... Ademais , nesta materia, en cada trimestre faremos:

- 1) Exposición teórica dos contidos desenrolados na presente programación, que serán obxecto dos exames correspondentes.

- 2) Corrección dos distintos exercicios prácticos
- 3) Cando asistamos a charlas ou conferencias, o alumnado deberá entregar o profesor, un resúmen da mesma, para comprobar o grao de atención e seguimento que o alumno fixo da mesma.
- 4) Utilizaremos as novas tecnoloxías para estudar e analizar os distintas variables económicas: Productividade, análise custo-beneficio, rendibilidade

## CRITERIOS DE AVALIACION.

A avaliación será formativa, aplicándose durante o proceso de aprendizaxe e levándose a cabo o traveso da observación sistemática dos alumnos. Efectuaránse tres avaliacións o longo do curso, xa comentadas no punto anterior, e unha avaliación final. O sistema de avaliación será continuo e os criterios básicos serán:

- Que o alumno coñeza e interprete as distintas funcións da empresa e as súas interrelacións valorando súa contribución, según o tipo de empresa.
- Que sepa o alumno clasificar os diferentes tipos de empresas, sinalando os seus rasgos diferenciais, e analizando as vantaxes e inconvenientes da maior ou menor dimensión da empresa e de seu carácter público e privado.
- Caracterizar as áreas de actividade da empresa, sinalando súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia, segundo o tipo de empresa.
- Describir dunha forma sinxela o funcionamento das empresas. Representar o ciclo completo de funcionamento dunha empresa.
- Identificar os factores externos que inflúen na empresa ( poderes públicos, coxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos...) sinalando exemplos representativos e as circunstancias que ilustren esta incidencia
- Identificar as principais características do sector no que a empresa desenrola a súa actividade, e explicar, a partir delas, as distintas estratexias e decisións adoptadas.
- Analizar as principais características do mercado, e explicar a partir delas, as posibles políticas de marketing a adoptar.
- Explicar a organización adoptada pola empresa e súas posibles modificacións, en función do entorno no que desenrola súa actividade e das innovacións tecnolóxicas.
- Describir a estrutura organizativa da empresa, así como os estilos de dirección, canles de comunicación e información, grao de participación na toma de decisións, organización formal e informal que se poida dar.
- Identificar os elementos patrimoniais, sendo capaz de agrupalos nas súas masas respectivas, interpretando o sentido económico e financeiro de cada un dos seus apartados, detectando posibles desequilibrios.
- Valorar os elementos patrimoniais o traveso dos sistemas máis comúns, como poden ser: LIFO, FIFO, precio medio. Identificación e cálculo dos custos máis elementais que teñen lugar na empresa, así como a súa representación gráfica.
- Diferenciar as posibles fontes de financiación nun suposto sinxelo, e razoar a elección máis axeitada.
- Valorar distintos proxectos de inversión sinxelos e xustificar razoadamente a selección da alternativa máis vantaxosa..

- Identificar os datos máis relevantes do Balace e da Conta de Perdas e Ganancias dunha empresa, explicar o significado e avaliar a situación a partires da información obtida.
- Analizar un feito o unha información do ámbito empresarial. Presentar información de maneira organizada e intelixible, incorporando opinións e xuícios propios, con referencias a exemplos e datos apropiados.
- Diseñar e planificar e valorar un proxecto empresarial simple, con actitude emprendedora e creatividade, avaliando a súa viabilidade. Con este criterio preténdese valorar se o alumnado é capaz de aplicar con creatividade os contidos da materia a un sinxelo proxecto empresarial, froito da xeración e maduración dunha idea de negocio por parte do alumnado, valorando as súas dificultades, debilidades e oportunidades. Valorarase igualmente a disposición para o traballo en equipo, a creatividade e a planificación e organización

Ademáis de todo isto, tamén se terá en conta:

- a) A participación do alumno no desenrolo das sesións e súas intervencións na aula.
- b) A calidade dos traballos dos alumnos.
- c) En xeral, a actitude e predisposición manifestada no aula, hacia a asignatura, compañeiros, etc...

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

As notas obtidas nos exames, serán a fonte principal das cualificacións ( 90% da cualificación total), sendo o explicado nos apartados anteriores (a-b-c) o complemento para a obtención da nota final.

Para a superación da materia, será imprescindible acadar unha puntuación mínima de cinco puntos ( sobre dez). O departamento de Economía establece que o alumno debe facer o esforzo necesario para a superación da materia, tendo en conta as especiais características deste 2º curso de bacharelato (último curso de bacharelato).No caso de que o alumno na convocatoria de Maio ou na de Setembro, suspenda únicamente esta Materia, “ Economía da Empresa”, poderáse discutir na xunta avaliadora a pertinencia de que o alumno supere a materia, SEMPRE E CANDO, se alcance unha nota mínima de tres puntos. En calquera outro caso, aplicarásese o criterio de cualificación xeral recollido anteriormente.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Para o desenvolvemento das clases, utilizaráanse os seguintes recursos:

- A guía básica do alumno, será o libro " Economía e organización de empresas", da Editorial Baía Edicións.
- Periódicos, revistas e calquera publicación que teña que ver cos temas tratados.
- Utilización de Internet, como fonte de acceso a información económica.
- Vídeos
- Visitas a empresas

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS I EXTRAEXCOLARES

- Visita a algunha empresa da localidade ( Celulosas) e a algunha outra empresa situada fora do noso municipio, que pola súa importancia, supoña un especial interese para os alumnos ( Citroën en Vigo y Zara en Arteixo)
- Conferencia impartida por un empresario ( emprendedor), no que lle explique os alumnos a súa experiencia relativa a creación da empresa, as dificultades que se atopou, como xurdiu a idea etc.....

## MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Os intereses dos alumnos, súa motivación, e incluso súas aptitudes, diferencianse progresivamente o longo desta etapa. Cada alumno posee unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos compañeiros, e por tanto, non todos eles van a aprender o mesmo ritmo ou van a ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenvolvementos educativos distintos, que se correspondan con esos intereses e aptitudes. O obxectivo último é conseguir que o alumno alcance o obxectivos xerais da etapa e lle permita obter o título de Bacharelato.

Entre as medidas propostas, contéplanse as adaptacións do currículo, os agrupamentos flexibles ( si é posible), os dobrementes de grupos, establecemento de programas de reforzo e outros programas de tratamento personalizado para o alumno con necesidade específica de apoio educativo. Todas as medidas que se poideran adoptar, faráse en colaboración do Departamento de Orientación do Centro.

## PROGRAMA DE REFORZO PARA ALUMNOS QUE TEÑAN PENDENTE A ASIGNATURA DE 1º CURSO DE ECONOMÍA

O inicio do curso, o profesor establecerá un programa para a recuperación da asignatura de 1ª Curso, de aqueles alumnos matriculados en 2ª Curso e



que teñan a materia de 1ª de Bacharelato ( Economía) pendente. O programa farase de acordo cos alumnos implicados, e constará de :

- Estableceremos unha hora de consulta semanal para os mencionados alumnos, co fin de aclarar, resolver ou explicar aquelas cuestións sobre as que os alumnos teñan necesidade de consultar. A mencionada hora estableceráse na hora de titoría que o profesor ten no seu horario, ou en calquer outro momento na que os alumnos poidan, a fin de compatibilizar as súas clases de 2ª curso coa resolución das mencionadas dúbidas, que pode ser no recreo....
- Estableceremos o inicio de curso, un calendario de exames, a celebrar o longo do curso. Faremos un examen por avaliación ( en total 3 exames), e logo un último examen final no mes de Maio, para aqueles alumnos que non recuperaron a materia o longo do curso. As datas dos exames estableceranse conjuntamente entre profesor e alumnado afectado, excepto o examen final, que será establecido pola Xefatura de Estudos.

### **AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E DA PRACTICA DOCENTE**

Ó longo do curso faráse un seguimento da programación feita ó inicio do curso.

Trimestralmente faráse unha análise dos temas impartidos na aula con respecto ó programado ó inicio do curso, establecendo as correccións necesaria, de ser o caso.

A avaliación da práctica docente plantéxase en dous eidos:

- o Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos ..., comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados

- o Someténdose á opinión do alumnado, a través de enquisas que de forma puntual pode facerse o fin de cada trimestre ou ben a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado. Os alumnos dun Ciclo Superior xa alcanzaron un grado de madurez ( supónse) que lles permite emitir xuízos , e polo tanto, coas cautelas oportunas, pódese ter en conta a valoración que fan da práctica docente

Profesor: José M. Justo Acevedo